



O Museo máis pequeno da cidade (MPC)

O MPC naceu da idea orixinal de "O museo máis pequeno do mundo", unha iniciativa de Noamí Batllori, que pretende achegar a arte ao público infantil e adulto.

Con esa premisa, desde centros socioculturais ofrecemos un planazo artístico, sen saír da cidade, sen limitacións de capacidade, ao aire libre, sen aglomeracións nin colas, sen horarios e con entrada de balde, e todo isto, dentro dunha caixa/museo de 13x13 cm.

Queremos encher a cidade de Compostela de pequenos museos da arte, que estarán montados desde o día **Internacional dos museos** o 15 de maio ata o 12 de xullo do 2024.

DESCRICIÓN

Que é MPC?

É unha desas actividades manuais que fas na túa casa, cunha caixa de cartón, papel, pompóns, purpurina, folios de cores, rotus, figuriñas, cola e moita imaxinación.

Como?

Primeiro plasmas a túa idea nun debuxo, dálle forma con materiais, preferiblemente de refugallo.

Recolles no CSC máis cercano a túa caixa/museo. Todo isto únelo e xa tes o teu pequeno museo.

Unha vez montado, vén a outra parte, conseguir que o vexa canta máis xente mellor e iso ímolo a conseguir levándoo ás tendas dun barrio de Santiago.

Como saberás onde esta o teu pequeno museo?

Repartiremos un mapa, onde estarán marcadas as tendas colaboradoras. E agora que xa sabes de que vai..... Apúntaste?

BASES DE PARTICIPACIÓN EN MPC

1.- PARTICIPACIÓN

Non é un concurso.

Poderán participar todas aquelas persoas que realizen a inscrición previa.

Presentarase **UNHA SOA PROPOSTA**, que pode ser individual ou en grupo. Pídese un mínimo de calidade.

O proxecto deberá ser orixinal e inédito.

Unha vez terminada a exposición, devolveranse as caixas/museos aos seus artistas no prazo indicado. Aquelas obras que non se recollan na data marcada, quedarán en propiedade da rede de centros socioculturais.

2.- INSCRICIÓN

As inscricións pódense facer no centro de referencia ou enviando o formulario de inscrición ao correo ccpreinscricions@santiagodecompostela.gal ou en persoa no centro sociocultural máis cercano.

Para a **INSCRICIÓN** é imprescindible entregar a ficha de inscrición debidamente cumprimentada e asinada, pódese descargar da páxina da sede electrónica do Concello de Santiago ou no teu centro de referencia.

Solicitud CC002:

https://sede.santiagodecompostela.gal/sta/CarpetaPublic/doEvent?APP_CODE=STA&PAGE_CODE=CATALOGO

Unha vez formalizada a inscrición entregácese a persoa participante a caixa de cartón para poder realizar a montaxe da obra .

3.- PRAZOS.

Prazo de inscrición do 4 ao 10 de abril

Prazo de entrega da caixa/museo do 10 ao 17 de abril

Prazo de entrega da obra nos centros do 19 ao 26 de abril.

Montaxe das obras nos espazos expositivos do 3 ao 10 de maio.

Datas de exposición do 15 de maio ata o 12 de xullo

Devolución das obras do 16 ao 20 de setembro

4.- RECEPCIÓN DAS OBRAS

A **PRESENTACIÓN/ENVÍO** da obra para expoñer, deberá ser no seu centro de referencia, previa comunicación de onde se vai a depositar, xunto cunha copia do debuxo da obra para expoñer.

Xunto coa caixa/museo, deberedes presentar un debuxo/copia da obra, no que figure o nome do autor, idade e título da obra.

5.- EXPOSICIÓN

Os participantes inscritos terán dereito a que a súa obra se expoña nun local de Santiago de Compostela.

O local de exposición determinarase mediante sorteo.

A cada participante entregaráselle un mapa cos distintos puntos expositivos das obras.

6.- OBXECTIVOS

- Fomentar a intervención sociocultural e artística entre a veciñanza compostelá.
- Achegar e formar parte activa do mundo da arte.
- Fomentar a mobilidade entre barrios.
- Orixinar cercanía coa veciñanza.
- Encher toda a cidade de microsalas de exposicións

CESIÓN DE DEREITOS. Os participantes autorizan aos organizadores para divulgar o seu nome e cédennles os dereitos da súa obra, para o seu tratamento a través de calquera sistema e soporte que permita fixar, inserir, difundir, reproducir, divulgar, explotar e comunicar publicamente o deseño obtido conxuntamente coa imaxe do evento. Dita cesión non ten ningún tipo de limitación xeográfica ou territorial.

O participante acepta expresamente, sen reserva nin limitación, cumprir todas e cada unha das BASES da presente convocatoria. Calquera incidencia que poida xurdir e que non se reflecta nestas bases será resolta polos organizadores segundo o seu saber e mellor criterio.